



## CLUB MONTAÑA FERROL

Rúa Coruña 102 1º dta.

15401 Ferrol - 660 222 178

G15116676

Eu Xan Antón Ramírez Gómez, con DNI 32633780t, como presidente da entidade deportiva, Club Montaña Ferrol, adscrita a Federación Galega de Montaña e nº de rexistro na xunta de Galicia 235

### EXPOÑO:

O pasado 14 de outubro, publicábase nun DOG-BIS, a Orde da Consellería de Sanidade de medidas de prevención específicas derivadas da situación epidemiolóxica do COVID-19.

Na orde de 9 páxinas se recolle 6 veces, a obrigatoriedade dun máximo de 10 persoas nas reunións, como indica no artigo primeiro apartado 2, en **TODA A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**.

No artigo segundo apartado 1, especifica “calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social, na vía pública, espazo de uso público ou espazos privados”.

Quedando fora “as actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas e educativas”.

Como entidade deportiva, suspendemos a actividade prevista do domingo día 20 (ruta en entorno natural, espazo aberto, de 13 kms con protocolos FISIOcovid da FGM, visados pola S.X de Deportes),

A xeneralidade da Orde non deixa lugar a dúbidas, excepto que:

Nos xornais do domingo, entregase un folleto de “**RUTAS DOS VIÑOS DE GALICIA**”, a desenvolver con público xeral nas 5 denominacións de orixe de Galicia, promocionado dende Turismo de Galicia para o vindeiro fin de semana.

A maiores atopámonos con que se desenvolven as xornadas de fútbol de 2ª B, con 11+11 máis o árbitro, máis todas as equipas técnicas, xa non falamos do aspecto de público nas gradas, o que claramente sobrepasa a orde.

Ante esta discriminación inexplicable, e contraria a saúde pública como é potencialo deporte, tal como se explica en todas as accións de **GALICIA SAUDABLE**

### SOLICITO:

Se teña en conta a posibilidade/necesidade de reflectir nas ordes, a **excepción** daquelas actividades, de carácter **deportivo/saudable**, que non revisten focos de contaxio demostradas.

Xan Ramírez

Sr. Conselleiro de Sanidade  
Sr. Drt Xeral De Deportes